

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) E O INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES "LUÍS CONCEIRO"


Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

REÚNENSE

Dunha banda, **D. Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, en relación co Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que foron asumidas as funcións sobre medios materiais e económicos para o funcionamento de Administración de xustiza, traspasadas á Xunta de Galicia polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, así como das que ao seu favor resultan dos artigos 4 e 11 do Regulamento do Instituto do Medicina Legal de Galicia (Imelga), aprobado polo Decreto 119/2005, para subscribir convenios de colaboración que vinculen o dito instituto.

Doutra banda, **D. Antonio López Díaz**, Reitor de Universidade de Santiago de Compostela (USC) e presidente do Consello de Goberno do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro", de acordo coas competencias que lle outorgan o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro do 2001), o artigo 85.g dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e mais o artigo 6 do Regulamento do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro", aprobado pola Xunta de Goberno da USC, con data do 7 de xuño de 2016.

Ambos interveñen, en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para subscribir convenios teñen conferidas, recoñécense mutua e


1

respectiva competencia e mais capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de cooperación, e

EXPOÑEN:


I. Coa creación do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" –antes denominado "Instituto Universitario de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela"– polo Decreto 247/1992, do 30 de xullo, como órgano mixto da USC e da Xunta de Galicia, concédese ao instituto a autorización para levar adiante as actividades que a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, lles atribúe aos institutos universitarios, e establécese que para os efectos de adscrición de persoal e de vixencia das actividades do instituto rexerá o establecido nos Estatutos da USC e mais no regulamento do convenio que anualmente se vén asinando, no que se contempla unha transferencia de fondos para o sostemento económico do citado instituto.

II. O Decreto 119/2005 polo que se crea o Imelga, cunha filosofía de optimización dos recursos públicos, adopta unha solución organizativa peculiar, que consistiu en crear no Imelga só dous servizos (o de Patoloxía e o de Clínica), en lugar dos tres servizos previstos no Real decreto 386/1996. O terceiro servizo sería o Servizo de Laboratorio, que en Galicia non se creou. En lugar diso, o Regulamento do Imelga, aprobado polo dito Decreto 119/2005 (DOG do 18 de maio de 2005), estableceu no seu artigo 11.3 :

«A través de convenios e doutros instrumentos asinados pola consellería competente e a universidade, poderá regularse a relación do Instituto de Medicina Legal de Galicia co Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da Universidade de Santiago de Compostela para a utilización dos seus servizos.»

«En particular, poderá regularse a cooperación do servizo de laboratorio do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" na investigación medicolegal, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, como centro de referencia na materia.»

En virtude desta previsión legal específica, o presente convenio recolle os termos da relación do Imelga e o Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da USC. Unha relación que consiste fundamentalmente na realización, por parte do Instituto de



Ciencias Forenses “Luís Concheiro”, de probas de investigación de paternidade derivadas de expedientes xudiciais acollidos ao beneficio de xustiza gratuíta, ou cando así o acorde de oficio o órgano xudicial ou o pida o Ministerio Fiscal, así como na realización de análises biolóxicas, clínicas, de toxicoloxía e criminalística solicitadas xudicialmente ou polos médicos forenses do Imelga.

III. O Imelga ten como misión auxiliar en materia de medicina forense os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil en todo o ámbito territorial da comunidade autónoma.

IV. A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á que está adscrita o Imelga, considera que se deben aproveitar os recursos técnicos e humanos do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” para colaborar co Imelga en materia de medicina legal e forense, situación que aconsella continuar esta liña de colaboración.

Pola súa parte, a USC, de acordo coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), e mais cos Estatutos da USC, considera que se deben aproveitar os recursos técnicos e humanos do Imelga para colaborar nos programas de docencia e investigación levados a cabo no Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” en materia docente de segundo e terceiro ciclo.

V. En consecuencia, a USC e mais a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza elaboraron este documento co obxecto de instrumentar a cooperación entre ambos os institutos cara ao desenvolvemento das actividades antes mencionadas, unha vez que os motivos expostos xustifican a imposibilidade de promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



De conformidade con canto antecede, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. O obxecto deste convenio é articular a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a USC para:

a) A realización, nos servizos do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da USC, das probas de toxicoloxía e xenética forenses que precisen os médicos forenses do Imelga ou os xuíces e fiscais, así como das solicitadas polos corpos e forzas de seguridade que sexan acordadas pola autoridade xudicial.

b) A realización de actividades docentes no segundo e terceiro ciclos dos estudos universitarios, así como a colaboración coas facultades de Medicina e Odontoloxía, Dereito ou calquera outra, para lles proporcionar aos estudantes desas carreiras experiencia no ámbito de actuación de ambos os dous institutos.

c) A realización doutras actividades docentes, fundamentalmente a formación de especialistas en medicina legal e forense en colaboración e coordinación co Imelga.

Segunda. No ámbito da colaboración institucional co Imelga, o Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da USC goza dunha previsión normativa específica recolleita nos artigos 11 e 21 do regulamento aprobado polo dito Decreto 119/2005. En concreto, o artigo 11.3 establece o seguinte: *"A través de convenios e doutros instrumentos asinados pola consellería competente e a universidade, poderá regularse a relación do Instituto de Medicina Legal de Galicia co Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" da Universidade de Santiago de Compostela para a utilización dos seus servizos. En particular, poderá regularse a cooperación do servizo de laboratorio do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" na investigación medicolegal (...)"*. En virtude desta previsión, os servizos de Xenética e Toxicoloxía do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" veñen prestando funcións de servizo de laboratorio do Imelga e, en troco, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,



Administracións Públicas e Xustiza transfírelle anualmente fondos á USC para colaborar de xeito global no sostemento económico do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro".

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, transferiralle á USC, para cofinanciar o funcionamento do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro", un único pagamento de douscentos mil euros (200.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.444.0, tras a presentación pola Universidade ante a Dirección Xeral de Xustiza da correspondente xustificación dos gastos relativos ao presente convenio.

A citada xustificación, que terá como data límite de presentación o 30 de decembro de 2020, consistirá nunha única certificación que xustifique o cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

O citado expediente de gasto tramítase ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (modificada polas do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001), quedando a eficacia deste convenio sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

Terceira. O material científico e os demais medios adquiridos como consecuencia da aplicación do presente convenio coas achegas da Xunta de Galicia permanecerán adscritos ao Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" mentres exista, e á disposición da comunidade universitaria para o cumprimento dos fins establecidos neste convenio.

Cuarta. As actividades de colaboración do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" co Imelga e de asistencia á Administración de xustiza de Galiza comprenderán:

- a) A realización de probas de investigación de paternidade e probas de investigación xenética derivadas de expedientes acollidos ao beneficio de xustiza gratuíta, así como as acordadas pola autoridade xudicial ou á instancia do Ministerio Fiscal.



b) A realización polos servizos de Toxicoloxía e Xenética forenses das análises biolóxicas, clínicas, toxicolóxicas e criminalísticas que soliciten as autoridades xudiciais ou os médicos forenses do Imelga, así como das análises de alcoholemia solicitadas polas ditas autoridades e funcionarios ou polas unidades de policía xudicial en procesos penais.

Esta colaboración prestarase sen prexuízo das competencias do Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

O Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” adoptará as medidas oportunas para garantir, de conformidade co previsto no artigo 796 de Lei de axuízamento criminal (LACrim), modificado pola Lei 38/2002, sobre xuízos rápidos, a realización inmediata das análises solicitadas polas unidades de policía xudicial, médicos forenses ou autoridades xudiciais no marco dun procedemento para o axuízamento rápido de delitos, así como tamén a remisión do informe de resultados ao xulgado de garda competente polo medio máis rápido, e en todo caso antes do día e hora sinalados para a comparecencia das partes ante o xulgado de garda prevista no artigo 796 da LACrim.

Quinta. A dirección do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” poñerá en práctica as medidas necesarias para garantir que no marco da colaboración prevista na cláusula anterior, os facultativos e persoal do dito instituto sexan informados da obriga de abstención nos casos previstos na Lei orgánica do poder xudicial para os peritos xudiciais, así como tamén da obriga de respectar a normativa sobre segredo sumarial, segredo profesional e protección de datos persoais. A dirección vixiará, establecendo as instrucións ou protocolos oportunos, o cumprimento desta normativa.

Sexta. Remisión de mostras e emisión de informes.

Para a práctica de peritaxes e a solicitude dos correspondentes informes, os médicos forenses remitiranlle directamente á sede do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” os obxectos, substancias, mostras ou pezas que deban ser examinados e indicaranse os datos ou información concreta que se solicite. A indicada información que se solicite deberá ser a adecuada e proporcionada á natureza do asunto, sen que se poidan solicitar probas, datos ou informacións innecesarias ou improcedentes.



Sempre se achegará unha información indicativa dos datos clínicos, necrópsicos e procesuais que poidan ter interese para orientar a investigación.

A recollida, preparación e envío dos obxectos, substancias, mostras ou pezas que vaian ser examinados serán realizados polos médicos forenses de conformidade coa instrución que sobre a materia aprobe a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia. A petición realizarase no modelo oficial aprobado pola Dirección Xeral de Xustiza.

As ditas instrucións coordinaranse a través da dirección do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” e mais da do Imelga, que regularán tamén o modo de recepción e devolución dos envases e elaborarán un regulamento para o almacenamento, custodia ou destrución das mostras ou obxectos remitidos.

A dirección do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” adoptará as medidas necesarias para o cumprimento destes aspectos da instrución, podendo rexeitar a realización das peritaxes cando se incumpra a dita instrución e, en todo caso, cando a solicitude non se acompañe cunha información básica indicativa dos datos clínicos, necrópsicos e procesuais ou cando existan dúbidas sobre a correcta conservación e integridade dos obxectos, substancias, mostras ou pezas que deban ser examinados.

Asemade tamén poderá rexeitar a realización das peritaxes e os correspondentes informes cando por razóns técnicas, organizativas, ou doutra natureza o Instituto non estea en condicións de realizalas, poñendo dita circunstancia en coñecemento da Dirección do Imelga para a remisión das mostras ao laboratorio que corresponda.

Polas mesmas razóns de auto organización e autonomía funcional, o Instituto de Ciencia Forenses “Luis Concheiro”, poderá rexeitar a práctica de determinadas probas, sempre con comunicación previa á Dirección do Imelga e xustificación da causa do rexeitamento.

As incidencias que se deriven do establecido nos parágrafos anteriores poderán ser sometidas á comisión de seguimento do convenio, aos efectos de que por esta se propoñan ás partes as medidas adecuadas para a súa corrección ou emenda.

Cando actúe en actividades de asistencia á Administración de xustiza en materia de toxicoloxía e xenética forenses, os informes do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” reunirán os requisitos previstos na lexislación aplicable aos ditames



periciais, serán asinados pola persoa que os realice e mais polo xefe de servizo respectivo e serán remitidos por este á subdirección territorial do Imelga solicitante.

De todos os informes archivarase no devandito instituto unha copia debidamente clasificada.

O Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” levará un rexistro de entrada de peticións de mostras e de saídas de informes. Neste rexistro anotaranse todos os informes, análises ou investigacións que se soliciten, con indicación do órgano e da autoridade ou funcionario solicitante, da data de entrada da solicitude, dos obxectos ou mostras recibidas, do servizo ou sección encargados do informe, da data de emisión e do envío á subdirección territorial do Imelga solicitante, así como de calquera outra observación que se estime de interese.”

Sétima. O persoal do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro” da USC colaborará en todas aquelas actividades formativas dos médicos forenses que lle sexan demandadas polo Imelga, e que lle serán retribuídas independentemente do presente convenio.

Da mesma maneira, os médicos forenses do Imelga que se determine colaborarán, como profesores asociados de ciencias da saúde (PACS) e nas outras categorías de profesorado que corresponda de acordo co marco lexislativo, en todas aquelas actividades de segundo e terceiro ciclo nas licenciaturas de Medicina, Odontoloxía e Dereito, e na formación de especialistas de Medicina legal e forense.

Tanto a USC coma a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométense a estimular e dar apoio á colaboración e coordinación dos dous institutos en materia de investigación en medicina legal, así como promover a investigación de medicina legal nos programas de I+D+i galegos, nacionais e europeos.

Oitava. Memoria anual de actividades.

O Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro”, con data do 30 de decembro de 2020, remitiralle á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza unha memoria informe sobre a asistencia prestada á Administración de xustiza en Galicia. Na dita memoria deberán contarse os datos, segundo resulte do rexistro previsto na cláusula sexta, sobre os servizos, traballos e



actuación realizados e mais sobre os informes emitidos por solicitude das autoridades xudiciais e médicos forenses, clasificados segundo os servizos e o obxecto da investigación.

Esta memoria será obxecto de avaliación pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula seguinte.

Novena. Créase unha comisión de seguimento do presente convenio, que se reunirá polo menos unha vez ao ano, integrada por:

Tres representantes da USC, que serán:

- O seu reitor.
- O director do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro”.
- Un representante do Consello Científico do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro”, previsto nos seus estatutos.

Tres representantes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que serán:

- O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- O director xeral de Xustiza.
- O director do Imelga.

Os dous primeiros poderán delegar as súas funcións en quen consideren conveniente.

A título enunciativo, esta comisión terá as seguintes funcións:

- a.- Facer o seguimento, avaliación e control do desenvolvemento do convenio, exercendo a función de coordinación entre as institucións que forman parte deste.
- b.- Controlar a execución da dotación económica prevista no convenio.



c.- Interpretar e executar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

d.- Avaliar a memoria prevista na cláusula anterior.

e.- Coñecer e, se é o caso, aprobar a memoria anual das actividades do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" contempladas neste convenio.

Décima. O período de vixencia do presente convenio estenderase dende o momento da súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos. En ningún caso excederá o 30 de decembro de 2020.

Poderá ser resolto polas seguintes causas:

a.- Por incumprimento inxustificado dos seus compromisos obrigatorios por algunha das partes.


b.- Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito.

O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes asinantes poderá determinar a resolución do presente convenio e a entidade incumpridora asumirá, de ser o caso, os danos acreditados que deriven daquel. De non acadarse acordo expreso entre as partes, para o seu cálculo e abono estarase aos criterios establecidos no artigo 34 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeira. Exclúese a formalización dun contrato administrativo segundo a interpretación do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, posto que o Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" é un organismo que cumpre a función do terceiro servizo do que carece o Imelga, que é o Servizo de Laboratorio, que en Galicia non se creou, polo que anualmente se lle transfiren fondos á USC para colaborar no sostemento económico do Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro".

Décimo segunda. O coñecemento das cuestións litixiosas que se poidan producir como consecuencia da execución desde convenio corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración



pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

De conformidade con canto antecede, e no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben o presente convenio no lugar e data indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza,

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela,



Alfonso Rueda Valenzuela



Antonio López Díaz